

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032935	IES Rego de Trabe	Culleredo	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

## 1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríentase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 3º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

1. El dolor y la pérdida
2. Héroe y antihéroe
3. Mujeres libres

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	El dolor y la pérdida	Contidos lingüísticos: a lingua e as súas variedades Morfoloxía: a palabra: estrutura, formación e categorías. Semántica: o significado e relación entre palabras. Literatura: características da linguaxe literaria, obras da literatura medieval: épica, narrativa, prosa e lírica.	30	41	X		
2	Héroes y antihéroes	Coñecemento da lingua: sintaxe da oración simple, sintagmas e complementos. Literatura: a Celestina, lírica e narrativa renacentistas, Cervantes e o Quixote	30	32		X	
3	Mujeres libres	Comunicación: o texto e as súas propiedades, modalidades textuais, medios de comunicación. Literatura do Barroco: xéneros principais e autores destacados.	40	32			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	El dolor y la pérdida	41

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Coñece as linguas oficias e trazos diferenciando rasgos dialectais e de rexistro	PE	85
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica a información principal dun texto escrito		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido de textos		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Resolve dificultades de comprensión lectora con coñecementos lingüísticos		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Identifica a intención comunicativa do emisor		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Escribe textos de forma coherente, cohesionada e adecuados ao rexistro		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Emprega procedementos para enriquecer os textos		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Reelabora información e comunicaa de forma persoal		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado identificará o tema, fará o resumo e establecerá a estrutura de textos literarios sinxelos.		
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado establecerá a correspondencia entre a estrutura externa e a estrutura interna de textos literarios sinxelos.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado será quen de escoller un texto e demostrar a súa lectura.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado será quen de presentar obras lidas, tanto obrigatorias como outras lidas pola súa conta.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será quen de interpretar as obras lidas, tanto obrigatorias como outras lidas pola súa conta.		

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será quen de establecer relacións entre os textos lidos e textos de diversa índole do seu ámbito de comunicación.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de elaborar textos a partir das lecturas realizadas.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Emprega coñecementos lingüísticos para mellorar os textos propios		
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da análise da diversidade lingüística na contorna social próxima e da exploración e reflexión próxima aos fenómenos do contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identifica prexuízos lingüísticos e recoñece os fenómenos de linguas en contacto		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Recoñece usos discriminarios da lingua		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Emprega o dialogo para solventar conflitos		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica a información principal dun texto oral	TI	15
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valora o contido de textos orais		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Selecciona información obtida en diferentes fontes		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	Emprega de forma crítica as TICs		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Sinala usos discriminatorios, manipuladores dos discursos a partir da análise		
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais sobre temas de interese persoal e educativo, con fluidez, coherencia e cohesión		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en intervencións orais da aula		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora traballos de investigación de forma autónoma		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Revisa os textos propios para melloralos cós coñecementos lingüísticos		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social.	Emprega o diálogo para a resolución consensuada de conflitos		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado será quen de falar das obras lidas, tanto as obrigatorias como outras lidas pola súa conta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da biografía lingüística propia e da diversidade lingüística do centro e mais da localidade.</li> <li>- Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España.</li> <li>- Desenvolvemento da reflexión interlingüística.</li> <li>- Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal.</li> <li>- Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e mais da súa expresión nas leis e declaracións institucionais.</li> </ul>

## Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
  - Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
  - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
  - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
  - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
  - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
  - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.
  - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
  - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
  - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
  - Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.
  - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
  - Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
  - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
  - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
  - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
  - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
  - Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación.

## Contidos

- Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
  - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
  - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
  - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
  - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
  - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
  - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
  - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
  - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
  - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
  - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Héroes y antihéroes	32

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica a información principal dun texto escrito	PE	85
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido de textos		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Escribe textos de forma coherente, cohesionada e adecuados ao rexistro		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Emprega procedementos discursivos, gramaticais e ortográficos para enriquecer os textos		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelabora e comunícala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Reelabora información e comunícala de forma persoal		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado identificará o tema, fará o resumo e establecerá a estrutura de textos literarios sinxelos.		
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado establecerá a correspondencia entre a estrutura externa e a estrutura interna de textos literarios		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado será quen de escoller un texto e demostrar a súa lectura		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado será quen de presentar obras lidas, tanto obrigatorias como outras lidas pola súa conta.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será quen de interpretar as obras lidas, tanto obrigatorias como outras lidas pola súa conta.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será quen de establecer relacións entre os textos lidos e textos de diversa índole do seu ámbito de comunicación.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de elaborar textos a partir das lecturas realizadas		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Expresa a información principal dun texto oral		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valora criticamente o contido de textos orais	TI	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Selecciona información obtida en diferentes fontes		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	Emprega de forma crítica as TICs		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Resolve dificultades de comprensión lectora con coñecementos lingüísticos		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Identifica a intención comunicativa do emisor		
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais sobre temas de interese persoal e educativo, con fluidez, coherencia e cohesión		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en intervencións orais da aula		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora traballos de investigación de forma autónoma		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Revisa os textos propios para melloralos cós coñecementos lingüísticos		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado será quen de falar das obras lidas, tanto as obrigatorias como outras lidas pola súa conta.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Emprega coñecementos sobre a lingua para mellorar textos e solventar dificultades de comprensión lectora		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.</li> <li>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> </ul> </li> <li>- Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.</li> </ul> </li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.</li> <li>- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).</li> <li>- Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul> </li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).</li> </ul> </li> </ul>

## Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Producción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.



**Contidos**

- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
3	Mujeres libres	32

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica a información principal dun texto escrito	PE	88
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido de textos		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Escribe textos de forma coherente, cohesionada e adecuados ao rexistro		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Emprega procedementos discursivos, gramaticais e ortográficos para enriquecer os textos		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelabora e comunícala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Reelabora información e comunícala de forma persoal		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado identificará o tema, fará o resumo e establecerá a estrutura de textos literarios sinxelos.		
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado establecerá a correspondencia entre a estrutura externa e a estrutura interna de textos literarios		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado será quen de escoller un texto e demostrar a súa lectura		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado será quen de presentar obras lidas, tanto obrigatorias como outras lidas pola súa conta.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será quen de interpretar as obras lidas, tanto obrigatorias como outras lidas pola súa conta.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será quen de establecer relacións entre os textos lidos e textos de diversa índole do seu ámbito de comunicación.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de elaborar textos a partir das lecturas realizadas		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Emprega coñecementos lingüísticos para mellorar os textos propios		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de identificará o propósito comunicativo		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de identificar as intencións comunicativas e sinalar os elementos lingüísticos que lle realizar esa inferencia, empregando a terminoloxía lingüística adquirida.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identificar a información principal dun texto oral		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valora criticamente o contido de textos orais		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Selecciona información obtida en diferentes fontes		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	Emprega de forma crítica as TICs		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Resolve dificultades de comprensión lectora con coñecementos lingüísticos		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Identifica a intención comunicativa do emisor	TI	12
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais sobre temas de interese persoal e educativo, con fluidez, coherencia e cohesión		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en intervencións orais da aula		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora traballos de investigación de forma autónoma		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Revisa os textos propios para melloralos cós coñecementos lingüísticos		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado será quen de falar das obras lidas, tanto as obrigatorias como outras lidas pola súa conta.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Emprega coñecementos sobre a lingua para mellorar textos e solventar dificultades de comprensión lectora		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.</li> <li>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> </ul> </li> <li>- Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.</li> </ul> </li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
  - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
  - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
  - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
  - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
  - Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
  - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
  - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
  - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
  - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
  - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
  - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
  - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
  - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
  - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.

## Contidos

- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A concepción construtivista e significativa da aprendizaxe concrétese na aprendizaxe por descubrimento, xa que nel son fundamentais os instrumentos de aprendizaxe ou contidos procedimentais (aprender a aprender) e os novos contidos han de ser identificados a partir dos coñecementos que xa posúe o alumno (aprendizaxe significativa). O método por descubrimento é unha forma de aprender activa e o coñecemento que se interioriza a través deste proceso insírese especialmente na nosa vida como experiencia persoal, polo que a retención é máis eficaz e duradeira.

O método de procura ou descubrimento que propoñemos ten varias direccións:

a) Descubrimento indutivo aberto, que pretende que o alumno aprenda a buscar, organizando libremente a realidade

que ten ao seu alcance.

b) Descubrimento indutivo estruturado, guiado polo profesor, que ten como obxectivo a captación de axiomas básicos.

c) Descubrimento semidedutivo, onde o alumno actúa indirectamente sobre uns datos xa organizados dedutivamente polo sistema de coñecemento e polo profesor.

d) Descubrimento transdedutivo. Neste camiño de procura sáltase do particular ao xeral, asociando dúas realidades por unha característica común.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto de lingua castelá e literatura ·3ºESO da editorial Oxford
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

O material básico de traballo, ademais de material de escritura en papel, serán o libro de texto e aula virtual Moodle na que o profesor colgará material elaborado por el mesmo.

As lecturas obrigatorias neste nivel serán:

- Care Santos, Mentira, Edebé
- Pasqual Alapont, El infierno de Marta, Algar
- Eloy Moreno, Invisible, Nube de tinta

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha proba de avaliación inicial para diagnosticar a situación de partida antes de comezar a programación, axustar a súa formulación, facilitar a adaptación das estratexias ás necesidades e intereses dos alumnos, ofrecerlles pautas de traballo e alentar a súa curiosidade pola materia de estudo. Necesitaremos esta primeira avaliación inicial para pescudar os coñecementos previos do alumno e poder relacionalos cos novos que lles imos procurar.

A valoración centrarase máis en aspectos competenciais que de contido, aínda que tamén se revisarán os contidos aprendidos nos primeiros cursos da ESO. Centrarase en torno a tres cuestións, que se poderán relizar de maneira conxunta na mesma proba:

- Unha proba oral, que deixará constancia da competencia na expresión planificada e espontánea.
- Unha proba de lectura, que servirá para detectar posibles problemas que dificulten o traballo coa lingua e os textos.
- Unha proba escrita coa que constataremos a capacidade de comprensión, o nivel de coñecementos e o dominio da expresión.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>30</b>	<b>40</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	85	85	88	<b>86</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	15	15	12	<b>14</b>

### Criterios de cualificación:

Na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria, obterase a nota final atendendo ás porcentaxes establecidas nesta programación didáctica.

O profesorado que imparte a materia irá incluíndo en cada avaliación os contidos que considera que deben perdurar no tempo e que constitúen a base dos novos logros a incluír en cada avaliación.

Os criterios de cualificación para a materia de Lingua Castelá e Literatura de 3º de ESO, quedando do seguinte xeito:

1. Tendo en conta que o modelo de programación PROENS non establece unha maneira de calcular a nota de cada avaliación (xa que o 100% refírese á totalidade do curso e non á totalidade do trimestre, como quizais debería ser), a nota de cada avaliación calcularase a partir dos datos que se teñan, elevando a porcentaxe que corresponda ao 100% para determinar a nota de cada trimestre.

2. Para elevar a nota resultante -con decimais- ao boletín de notas -números enteiros- procederase truncando a nota e mantendo, por tanto, o número enteiro, salvo na avaliación final que se redondeará tendo en conta as centésimas á unidade máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

3. A nota de cada avaliación (cos seus decimais) ponderará para a avaliación ordinaria de xuño nunha porcentaxe de 30% a 1ª avaliación, 30% a 2ª avaliación e 40 % a 3ª avaliación, xa que a 3ª inclúe repaso de contidos anteriores.

4. En todas as intervencións orais ou escritas sometidas a cualificación, aplicaranse os criterios específicos de corrección (ortografía, cohesión, concordancia, puntuación) da lingua escrita e, se fose o caso, oral, descontando ata un máximo de 2 puntos.

5. Considerarase a materia aprobada na avaliación ordinaria cando a media, calculada segundo as porcentaxes do punto 3, dea 5, redondeando á unidade superior no caso de equidistancia, só na avaliación ordinaria, pois no resto de avaliacións, truncarase.

6. Non haberá recuperacións por avaliación, entendendo que a aprendizaxe é continua e progresiva, aínda que poderá habilitarse algunha recuperación para o libro de lectura se non se leu e iso supón o suspenso na avaliación.

7. No caso de que a principios de xuño a media non dea un 5 ao aplicar o redondeo, cos datos obtidos ata o momento (notas da 1ª, 2ª e probas feitas da 3ª avaliación) ofrecerase ao alumnado a posibilidade de recuperar os contidos non aprobados, segundo se especifica no apartado seguinte.

8. No caso de que un alumno ou alumna sexa detectado copiando, a proba que estea a realizar será cualificada con 0 na súa totalidade. En caso de entregar un traballo plaxiado de maneira palpable, dita entrega será cualificada cun 0.

### Criterios de recuperación:

En principio, non haberá recuperacións por avaliación, entendendo que a aprendizaxe é continua e progresiva, aínda que poderá habilitarse algunha recuperación para o libro de lectura se non se leu e iso supón o suspenso na avaliación.

O profesorado que imparte a materia irá incluíndo en cada avaliación os contidos que considera que deben perdurar no tempo e que constitúen a base dos novos logros a incluír en cada avaliación.

Os criterios de recuperación para os contidos non aprobados planifícase como segue:

1. Non haberá recuperación tras cada avaliación, salvo para o libro de lectura se non se leu e iso supón o suspenso na avaliación.

2. A principios de xuño revisaranse as notas obtidas polo alumnado para, no caso de non chegar a un 5 aplicadas as



porcentaxes e o redondeo, habilitar as probas necesarias para os contidos non aprobados antes da avaliación ordinaria.

3. Nas semanas comprendidas entre o 10 e o 20 de xuño do actual curso realizaranse probas de recuperación para o alumnado avisado na primeira semana de xuño de que ten que recuperar.

4. A información das probas de recuperación será facilitada directamente ao alumnado afectado e ás súas familias.

5. No caso de que un alumno ou alumna sexa detectado copiando, a proba que estea a realizar será cualificada con 0 na súa totalidade. En caso de entregar un traballo plaxiado de maneira palpable, dita entrega será cualificada cun 0.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que teña pendente a materia de Lingua Castelá e Literatura recibirá unha comunicación específica na que se detallará o plan de recuperación,

O alumnado que teña pendente a materia de Lingua Castelá e Literatura recibirá unha comunicación específica na que se detallará o plan de recuperación, na que se incluírán os requisitos mínimos para preparar as probas ás que deberán presentarse, así como a referencia do material necesario para iso.

Para superar a materia pendente, o alumnado deberá presentarse ás probas parciais antes do mes de maio. Os alumnos que superasen as probas cun mínimo de 5 puntos en cada unha delas, considerárase aprobados na materia pendente. A calificación final obterase da media resultante de ambas probas.

O plan para recuperar a materia pódese consultar na "Aula Virtual de pendentes" onde estarán todos os alumnos matriculados. Nesta plataforma colgaranse os exercicios, guións de estudo, requisitos mínimos e habilitarase a mensaxería para un posible seguimento do alumnado.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesregodetrabe/aulavirtual/>

O alumnado que non recupérase a materia coas probas parciais, terá que presentarse a una proba global na convocatoria ordinaria oficial.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

No curso actual, as necesidades educativas en 3º ESO son abundantes e variadas.

- Alumnado con TEA. Aplicarase o protocolo TEA e non se conta con apoio PT.

- Alumnado con ACI realizada en 3º ESO, existe apoio de PT unha hora semanal.

- Alumnado con diagnóstico de TDAH. Aplicarase o protocolo, atendendo á posición na aula, a adaptación dos tempos e/ou instrumentos de avaliación...

- Alumnado con diagnóstico de dislexia. Aplicarase o protocolo, especialmente no tema das faltas de ortografía.

. Alumnado de altas capacidades. Aplicarase o protocolo. Intentarase motivar ao alumando cara a unha profundización maior nos contidos nos que amose maior interese.

Para o alumnado que repite coa materia suspensa, elaborouse o correspondente plan de atención personalizado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X		
ET.2 - Educación cívica e en valores	X	X	X
ET.3 - Formación estética	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X
ET.6 - Liberdade de expresión	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X

#### Observacións:

No artigo 18 do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que, señ prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa -como é a nosa-, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Representación teatral	Ao fío do análise de obras literarias do Século de Ouro asistírase a representación teatralizada da novela "El Buscón" como xeito de achegar ao alumnado ao feito literario como expresión artística		X	

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Establezo claramente os obxectivos da miña materia.
Selecciono os contidos que vou impartir seguindo criterios predefinidos.
Calculo o tempo que vou dedicar a cada un dos temas do programa.
Estimo que poden ser alcanzados por todos os alumnos.
Penso nos métodos docentes que vou utilizar en cada fase do curso.
Decido os métodos de ensino que vou utilizar.
Teño en conta as posibles diferenzas entre alumnos e establezo itinerarios de aprendizaxe alternativos.
Estimo o tempo que o alumno necesita para aprender os contidos.
Teño en conta os recursos dos que dispoño.
Verifico que os recursos que vou utilizar están dispoñibles.
Preparo as actividades que cada alumno deberá realizar durante as sesións.
Preparo exercicios, preguntas ou problemas para que os alumnos traballen en clase.

Preparo exemplos ou aplicacións para aclarar o contido da clase.
Elaboro un guión do que vou tratar en clase.
Procuro motivar aos alumnos.
Coordino con outros profesores os aspectos relevantes da materia.

### **Descrición:**

Avaliar continuamente o proceso de ensino é o mellor modo de asegurar unha correcta práctica docente e un bo funcionamento da nosa programación. Para iso, os datos que obteñamos dos nosos indicadores de logro deben ser claves para identificar aquelas áreas de mellora e que nos permitan introducir cambios na programación para adaptala mellor ás necesidades dos alumnos.

Existen diferentes formas para avaliar a práctica docente, como follas de rexistro onde ir anotando os aspectos máis importantes, un diario de aula que permite recoller situacións ocorridas na clase e sobre as que posteriormente se reflexiona, cuestionarios ou enquisas para que cumprimenten os alumnos, etc.

O departamento de lingua castelá e literatura permite a cada docente escoller aquela forma de avaliar a práctica docente que crea convinte.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación avaliarase atendendo aos seguintes criterios:

- A adecuación da distribución temporal de contidos á realidade.
- A adecuación dos instrumentos de avaliación.
- Os resultados académicos obtidos polos alumnos.
- O grao de cumprimento de obxectivos.
- O grao de asimilación de contidos.

Os instrumentos básicos para esta avaliación serán:

- A avaliación e coevaluación que os alumnos fagan do traballo, a través de conversas, informes, debates, e teremos en consideración as opinións razoadas acerca do que estes manifesten acerca do funcionamento da clase en xeral.
- As observacións que o profesor realice sobre a adecuación da programación á hora de poñela en práctica na aula e sobre o seu propio traballo.
- As reunións mensuais do Departamento, onde se analice o desenvolvemento da programación e a proposta de melloras dos distintos membros, que se recollerá na correspondente acta de reunión.

A primeira semana de clase, cada profesor do Departamento presentará aos seus alumnos, de maneira abreviada, os contidos da programación, os contidos da mesma, con especial insistencia nos criterios e instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación.

De igual maneira, ao comezo de cada trimestre lembrarase aos alumnos aqueles aspectos fundamentais da programación e informaráselles das modificacións que esta sufrise en virtude das avaliacións periódicas que dela se fagan.

## **9. Outros apartados**